

A “pantasma da poesía dos oitenta”, no ciclo Escritores/as na Universidade

Montse Dopico 23/09/2014



Rosalía Fernández Rial falará nesta segunda sesión

“E que faremos do lirismo? A pantasma da poesía dos oitenta”. Este é o suxerente título da intervención de Rosalía Fernández Rial e Samuel L. Paris na segunda xornada da novena edición do ciclo “Escritores/as na Universidade”, organizado pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) en colaboración coa Secretaría xeral de política lingüística e a Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo. Celebrarase no salón de actos desta Facultade ás 13:00 horas.

O ciclo propón unha serie de mesas redondas que achegan ao alumnado universitario, e á sociedade en xeral, a oportunidade de escoitar os autores/as analizando a súa obra persoal, cada ano desde unha óptica diferente. Nesta edición é “Como escribir o futuro?”.

O ciclo rematará o 8 de outubro, tamén ás 13.00 horas, no salón de actos da Facultade de Filoloxía e Tradución, coas reflexións sobre novas linguaxes e tendencias escénicas de Celso Fernández Sanmartín e Paula Carballeira baixo o título “Contar ao carón da lareira en tempos dixitais. Existen novas linguaxes na oralidade?”.